

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 26 de xuño de 2015, ás doce horas.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/15, do 26 de maio.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.851 á nº 13.300, de 2015.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

- 3.-Aprobación provisional da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

- 4.-Aprobación do convenio co Concello de Carballo para financiar o “Mantemento da Unidade Asistencial de drogodependencias no ano 2015”.
- 5.-Aprobación do convenio co Concello de Culleredo para financiar o “Mantemento xeral e reserva de 5 prazas do Centro Ocupacional A Escada no ano 2015”.
- 6.-Aprobación do convenio co Concello da Coruña para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo.
- 7.-Aprobación do convenio co Concello de Narón para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo.
- 8.-Aprobación do convenio co Concello de Santiago de Compostela para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

- 9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña para financiar actividades de promoción da ópera no ano 2015.
- 10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar o proxecto de inventario dos arquivos parroquiais no ano 2015.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

- 11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a edición dos números 19 e 20 da “Revista de Hacienda Pública Urbana”.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

12.-Aprobación do proxecto modificado nº 2 da obra “Reconstrución dun edificio destinado a Aula interpretativa do camiño inglés, 2ª fase”, do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, co código 11.2100.0001.0.

13.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Pavimentación e renovación de servizos na rúa Emilio Romay e J. Pérez Salas”, do Concello de Betanzos, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0025.0.

14.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Pavimentación de camiños en Laraxe”, do Concello de Cabanas, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 co código 15.3290.0019.0.

15.-Aprobación provisional da segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2015.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

16.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31.05.2015 e proxección a 31.12.2015.

17.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio.

18.-Conta integrada da xestión recadatoria relativa aos recursos doutros entes públicos e recursos propios correspondentes ao exercicio 2014.

19.-Información sobre o convenio con ABANCA. Plan ACTIVAMOS.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS